

AYUNTAMIENTOS

PONTEVEDRA

ANUNCIO

Aprobación inicial do proxecto de urbanización da unidade de actuación núm. 14.1 do vixente plan xeral de ordenación urbana A Parda.

A Comisión de Goberno, en sesión celebrada o 17 de febreiro do 1997 aprobou, con carácter inicial, o Proxecto de Urbanización da Unidade de Execución 14.1 do vixente P.X.O.U. A Parda, formulado, mediante iniciativa particular, pola totalidade dos particulares e entidades mercantís propietarias dos terreos que conforman a Unidade e redactado polo Enxeñeiro de Camiños, Canles e Portos don Carlos Alvarez Tranche, visado polo seu colexio profesional o 22/10/96, dispoñéndose o seu sometemento á información pública.

Durante o prazo de quince días, contados a partir da publicación deste anuncio no "Diario Oficial" de Galicia, calquera interesado poderá examinar na Unidade de Fomento do Concello (rúa dona Teresa) a documentación inicialmente aprobada, e formular as alegacións que coide pertinentes.

Pontevedra, 21 de febreiro do 1997.—O Alcalde, Juan Luis Pedrosa Fernández.—O Secretario Xeral, Julio Dapena Outomuro. 2872

ANUNCIO

Pola Alcaldía, o día dazasete de febreiro do mil novecentos noventa e sete, dictouse a seguinte Resolución:

Asunto.—Resolución da alcaldía sobre outorgamento de licencias de construción de vivendas unifamiliares en zona residencial extensiva do solo urbano do plan xeral de ordenación urbana.

Nos últimos meses do 1996 constatouse un incremento considerable da petición de licencias de construción dentro da Zona Residencial Extensiva do Plan Xeral, ordenación regulada no Capítulo 6 do seu Título VII. "Regulación do Solo Urbano. Ordenanzas", capítulo denominado significativamente "Zona Extensiva. Vivenda unifamiliar". Esta zona, segundo planexamento, engloba "ordenacións de tipo cidade-xardín, onde normalmente se produce un esquema ordenado e parcelatorio do solo, como os supostos de ocupación unitaria do parcelario existente con vivendas, onde en moitos casos, persiste a vinculación rural, no propio ámbito urbano", e así encadra a ámbitos tan dispares como A Gándara en Lérez, A Chamusca en Salcedo, Estrigueiras en Campolongo, ou incluso a Avenida Conde de Bugallal.

Esta Alcaldía, o pasado tres do presente mes propuxo á Comisión Informativa Municipal de Urbanismo que, sendo a realidade dos viais anteriormente referidos, é que aínda cando o planexamento fixa as alineacións e rasantes, é ben certo que tales viais dispoñen da práctica totalidade dos servizos urbanísticos esixidos para a súa conceptuación como solo urbano, carecendo práctica e unicamente de encintado de beirarrúas e do ancho previsto no planeamento, regulándose as Normas de Urbanización de viais no Título IV do Plan Xeral, xunto ó proxecto técnico en que se fundamenta a licencia de construción, o particular interesado aportará un proxecto de obra ordinaria recollendo a execución de beirarrúa no seu fronte e obrigándose á súa execución, ó tempo que cederá o espazo de súa propiedade fora das alineacións para posibilitar a íntegra execución do vial, de tal xeito que o Concello redactará un Proxecto de Urbanización que será o documento rector de tales obras ordinarias, recollendo as licencias concedidas e circunstancias específicas de "tira de corda", aliñacións e rasantes, establecendo o contido das determinacións de vialidade, técnicas e de servizo precisas.

A Comisión Informativa Municipal de Urbanismo, na sesión do 06/02/97, por unanimidade dos seus membros presentes, dictaminou favorablemente a proposta desta Alcaldía de outorgamento de licencia para a construción de vivendas unifamiliares na Zona Residencial Intensiva do P.X.O.U., proposta que adoptará a forma de resolución dado o seu contido de interpretación, publicándose a mesma e sen prexuízo dos recursos que poidan interpoñer os particulares contra os acordos singulares de resolución das licencias.

Có fin de que as actuacións desta Administración Municipal estén presididas polo criterio da seguridade xurídica, manténdose uns criterios coincidentes e obxectivos, sen prexuízo de que se poidan interpoñer os recursos procedentes contra os actos singulares de resolución de licencias urbanísticas na Zona Residencial Extensiva, esta Alcaldía, en virtude de todas estas motivacións, dictame da Comisión Municipal de Urbanismo, e de conformidade coas atribucións conferidas pola lexislación de réxime local,

Resolve:

1º.—Con carácter previo, no seu caso, á solicitude de licencia de construción, o particular interesado deberá solicitar información urbanística, presentando a documentación que establece o art. 23 da normativa do Plan Xeral de Ordenación Urbana, xunto cun plano taquimétrico en todo seu ancho da parte do vial fronte o rueiro no que se prevé a construción.

O Concello informará as aliñacións e rasantes de aplicación e os servizos existentes no vial e ante a parcela, así como se son aptos para servir á edificación existente ou a que se prevea edificar.

Esta información urbanística será dictaminada pola Comisión Informativa Municipal de Urbanismo.

2º.—O outorgamento de licencias de construción de vivendas unifamiliarès, exclusivamente na Zona Residencial Extensiva do Plan Xeral de Ordenación Municipal, e naquelas parcelas que non posúan a condición urbanística de solar por carecer exclusivamente de encintado de beirarrúas e do ancho previsto no planeamento, servindo os restantes servicios urbanísticos para a edificación que sobre eles exista ou se teña que construír, precisarán que o particular interesado se comprometa á edificación e urbanización simultánea nos términos dos artigos 33.2 do Texto Refundido da Lei sobre Réxime do Solo e 39 e 40 do Regulamento de Xestión Urbanística, aportándose xunto ó proxecto técnico no que se fundamenta a solicitude un proxecto de obra ordinaria nos términos establecidos no P.X.O.U. que preveña a construción de beirarrúa no fronte da parcela para dotala da condición de solar, procedéndose á cesión gratuita do espazo situado fora de aliñacións á este Excmo. Concello para integra-la vía pública con elevación á escritura pública desta cesión por conta do particular unha vez otorgada a licencia, e prestándose fianza que garantice a obra de urbanización, que fixarán os servicios técnicos municipais.

A licencia de primeira ocupación verificará a correcta execución do Proxecto de Obra Ordinaria sen que se poida utiliza-la construción en tanto non se outorgue esta licencia, polo que a fianza non se devolverá ata a súa concesión.

3º.—As parcelas que carezan de outros servicios urbanísticos distintos ó encintado de beirarrúas, deberanse urbanizar, ben a través dun Proxecto de Urbanización ben dun Proxecto de Obra Ordinaria, se fose procedente, hata entroncar coas infraestruturas necesarias para que poidan prestarse os servicios públicos precisos para servir á edificación que se teña que construír, rixéndose polas restantes determinacións do apartado anterior en canto ó encintado de beirarrúa no fronte da parcela e ancho do planeamento.

A licencia de primeira ocupación verificará tamén a correcta urbanización e a procedencia da devolución da fianza.

4º.—Dispoñer o outorgamento das licencias de venda unifamiliar que reúnan os requisitos anteriormente esixidos, sen prexuízo de que polos Servicios Técnicos Municipales se redacten os Proxectos de Urbanización dos viales desta Zona Extensiva, que priorizará a Comisión Informativa Municipal de Urbanismo e que nese suposto servirán como documento rector da parcial materialización que supoñe o Proxecto de Obra Ordinaria, reseñándose naqueles Proxectos posteriormente as licencias, circunstancias, incidencias e cesións acaecidas.

5º.—Estas cesións e materializacións dos proxectos de obra ordinaria e, no seu caso, de urbanización de iniciativa particular, non eximirán da imposición e ordenación de contribucións especiais ós propietarios para a completa e íntegra urbanización do vial por iniciativa municipal nos términos do Planeamento, correspondendo tamén ós particulares nese suposto, o coste da adecuación ou adaptación das rasantas e accesos á execución do proxecto de urbanización que materialice a Administración Municipal.

6º.—Publicar este acordo no "Diario de Pontevedra", "Boletín Oficial da Provincia" e "Diario Oficial de Galicia" para xeral conecemento e dar conta mediante comunicación individualizada do mesmo á Consellería de Política Territorial, Obras Públicas e Vivenda da Xunta de Galicia, Colexios Profesionales de Arquitectos, Enxeñeiros de Camiños, Canles e Portos, Industriales, Arquitectos Técnicos e Aparelladores, Técnicos de Obras Públicas, Técnicos Industriales, Asociación Provincial de Empresarios da Construción e Servicio Municipal de Aguas Aquaguest.

Así o dispuxo e ordenou o Ilmo. Sr. Alcalde, en Pontevedra, a dazasete de febreiro do mil novecentos noventa e sete, ante o Sr. Secretario Xeral, que da fe da precedente resolución.

O Alcalde, Juan Luis Pedrosa Fernández.—O Secretario Xeral, Julio Dapena Outomuro.

O que se fai público para a executividade da mesma.

Pontevedra, 21 de febreiro do 1997.—O Alcalde, Juan Luis Pedrosa Fernández.—O Secretario Xeral, Julio Dapena Outomuro. 3048

* * *

V I G O

A N U N C I O

O Ilmo. Sr. Alcalde mediante resolución de 20 de decembro de 1996, aprobou liquidacións tributarias por importes de 25.329 pesetas cada unha, derivadas das actas de proba preconstituída números 1398 e 1383, formalizadas á nomes de don Alfredo e dona Ana María Melin Iglesias, por Imposto Municipal sobre o Incremento de Valor dos Terreos de Natureza Urbana.

Intentadas as notificacións das citadas resolucións no domicilio dos interesados e non sendo posible practicalas, as notificacións realízanse de conformidade co establecido no artigo 59.4. da Lei de Procedemento Administrativo Común.

Contra o devandito acordo poderán interpoñer perante o órgano co dictou recurso de reposición, previo o contencioso-administrativo, no prazo dun mes a contar da publicación desta notificación.

Vigo, a 11 de febreiro de mil novecentos noventa e sete.—O Alcalde, ilexible. 2868